

Fraguando a Diversidade

VISIONADO DE FRAGMENTO
DO TALLER DE TV
DO IES
ANTONIO FRAGUAS

MESA REDONDA. FONTIÑAS: SOMOS TODOS!

Xornada de sensibilización sobre a discapacidade e a inclusión dirixida a escolares do barrio de Fontiñas.

INTERVEÑEN REPRESENTANTES DE:
AGARESO, ASPANAES, DOWN COMPOSTELA,
IES ANTONIO FRAGUAS.

ORGANIZA:
REDE SOCIOCOMUNITARIA DE FONTIÑAS

23 DE FEBREIRO DE 2015 ÁS 11.30 H
CSC DE FONTIÑAS

Índice

	Páxs.
1. Título	3
2. Xustificación	3
3. Obxectivos	8
4. Metodoloxía e actividades	9
5. Destinatarios	12
6. Data e lugar de realización	12
7. Recursos humanos	13
8. Recursos técnicos e materiais	13
9. Seguimento e avaliación	14
10. Anexos	15

1. Título

FONTIÑAS: SOMOS TODOS! *Xornada de sensibilización sobre a discapacidade e a inclusión social.*


2. Xustificación

Fontiñas: un barrio novo, pero que xa ten máis que cumprida a súa maioría de idade, que vai medrando día a día, que avanza na súa consolidación, que pouco a pouco vai reforzando o seu sentimento de pertenza. Xuventude, que é sinónimo de forza; diversidade, que é sinónimo de enriquecemento persoal e social; en definitiva, dificultades, sí; potencialidades, tamén...

Pero Fontiñas ten xa unha importante traxectoria vital... Movements da súa poboación, autonomía das familias condicionada polos diferentes plans de vivendas, unidade dos servizos que traballan na zona, importante labor desempeñada nos últimos anos, etc., aspectos que esixiron que vinte e dous anos despois da constitución do barrio se fixera unha “parada no camiño” a reflexionar¹, novamente, cal é a realidade social do barrio, cales son as súas necesidades actuais, cales son as súas potencialidades (que tamén as hai) e cales son as liñas de intervención que deben marcar a actuación dos distintos servizos públicos e entidades sociais nos vindeiros anos. Traballar con obxectivos reais é sinónimo de rigor técnico e profesional, de eficacia e de eficiencia.

A actuación profesional non debe obviar o nivel “asistencial”; hoxe mais que nunca, cobra importancia a cobertura das necesidades básicas da poboación. Por elo, a labor coordinada de todos nós cobra, cada vez mais, unha especial importancia e amosa un novo “punto de encontro”: **todos traballamos cun mesmo fin, o benestar do veciñanza**. Pero non debemos esquecer que hai outros niveis aos que *debemos prestar atención*: **a prevención das situacións de vulnerabilidade social e o esforzo para reforzar o sentimento de “vida comunitaria”**; unha firme aposta pola “convivencia”; **convivencia “positiva”, fomentando a autonomía e a igualdade social, dende o respecto á diferenza de cada quen, pero tamén dende o exhaustivo cumprimento da lexislación vixente e dos dereitos constitucionais que asisten a cada cidadán.**

¹ Proxecto de intervención comunitaria no barrio de Fontiñas (1998) e II Diagnóstico Comunitario do Barrio de Fontiñas (2012). Fonte: www.compostelaintegra.org



Fonte: Servizos Sociais Comunitarios-UTS Fontiñas e Departamento de Orientación do IES Antonio Fraguas.

Elaboración propia. Santiago de Compostela, 2012.


A gráfica precedente debuxa perfectamente cal é a realidade social do barrio. Unha zona que se aproximada aos 10.000 habitantes de dereito, na que a súa pirámide poboacional segue sendo xove (aínda que cada vez mais vai estreitando a súa base) e na que a palabra “diversidade” se converte na súa mellor característica e, incluso, na súa sinal de identidade.

Despois dos proxectos comunitarios implementados nos últimos anos e que tiñan como fin activar canles de solidariedade, fomentar a convivencia intercultural ou previr situacións de risco social, apostando polos “máis novos” como os protagonistas da comunidade, nesta ocasión considérase procedente dar un paso adiante e abordar outras realidades: cal é a vida daquelas persoas afectadas por algunha situación de discapacidade e como é o seu día a día no barrio; porque elas e eles tamén son os nosos veciños, os nosos compañeiros, os nosos amigos...; porque a súa realidade tamén nos importa, porque as súas necesidades tamén son as nosas, porque as súas potencialidades tamén deben estar presentes, porque a súa voz tamén debe ser escoitada.

Non debemos esquecer que Fontiñas é unha das zonas do municipio na que residen un maior número de persoas en situación de dependencia. Así, se temos como referencia o Diagnóstico

Comunitario do barrio, realizado no ano 2012, podemos constatar como 114 persoas se atopaban nesta situación. Hoxe este listado, de por sí dinámico, é xa superior². A configuración urbanística do barrio contribúe a que moitos cidadáns opten por fixar a súa residencia nesta zona.

Despois dunha análise exhaustiva da realidade social, realizada durante os anos 2011 – 2012, fíxose unha detección de necesidades³, que deu lugar ao establecemento de 22 liñas de actuación que deben inspirar o quefacer profesional⁴ das distintas entidades sociais, educativas e sanitarias da zona. Inspirándonos na liña 6 (Difusión do tecido asociativo), na liña 7 (Actividades Comunitarias, que integrasen e implicasen a todo o barrio), comezamos a desenvolver esta proposta que a súa vez abrangue outras liñas de acción, coma son: liña 14 (Impulso de actividades para a xuventude) e liña 20: Propiciar a dinamización social. É evidente que “a unión fai a forza”; así o amosa día a día o *traballo coordinado* de tódolos servizos públicos e entidades do barrio. Un traballo comunitario que se albiscaba alá polo ano 1998 e que se evidencia como unha realidade, amplamente consolidada na actualidade. Un traballo coordinado, en rede, que pretende incidir no *benestar* do veciñanza, no fomento da *igualdade social* e da *autonomía persoal*.



Fonte: Servizos Sociais Comunitarios-UTS Fontiñas e Departamento de Orientación do IES Antonio Fraguas. Elaboración propia. Santiago de Compostela, 2012

² Na actualidade, só dende a UTS Fontiñas xa se está mantendo o seguimento de 114 persoas en situación de dependencia que teñen fixado o seu domicilio no barrio. Descoñécese o número de persoas que están a seguimento no Centro de Saúde de Fontiñas.

³ Mais información, no apartado de “documentación: Diagnóstico comunitario do barrio de Fontiñas”, da web www.compostelaintegra.org

⁴ Para construír un proxecto colectivo é preciso construír unha “mirada” capaz de sinalar as potencialidades e non só as carencias e aproveitando as experiencias xa existentes.

Cada un dos servizos ou entidades do barrio, cunhas características específicas e cuns obxectivos propios, buscan estratexias e sinerxias para acadar fins comúns. Todos nós pretendemos realizar accións que fomenten a...



Fonte: Servizos Sociais Comunitarios-UTS Fontiñas e Departamento de Orientación do IES Antonio Fraguas.
Elaboración propia. Santiago de Compostela, 2014.

A realidade social do barrio tamén se converte, en consecuencia, na realidade do alumnado dos centros educativos, de aí que *comunidade-escola* deba ser un binomio perfectamente relacionados.

Tendo en conta que os principais actores da xornada son as rapazas e rapaces que viven na zona e os centros educativos aos que asisten (CEIP Fontiñas, CEIP Monte dos Postes, IES Antonio Fraguas), cómpre ter presente dende a perspectiva educativa, a importancia de que eles tomen conciencia das necesidades sociais que existen no contorno e do que poden aportar para solventalas. Trátase da concreción dun proxecto baseado na “aprendizaxe-servizo”.

Pártese da idea de que os centros educativos e as restantes institucións sociais teñen unha concepción “aberta á comunidade”: trabállase dende cada ámbito, pero somos capaces de desenvolver unha actividade conxunta, con fins compartidos, e levala a cabo no propio contexto social.

Para a elaboración do presente proxecto se tivo en conta as aportacións dos propios menores (tanto pola súa participación na elaboración dos vídeos “Fraguando a diversidade I e II”, baixo a

coordinación de AGARESO⁵, como na avaliación doutros proxectos comunitarios (“A nosa vida en positivo”, ano 2013; nos cuestionarios de avaliación resaltaban como un dos temas de interese a situación das persoas en situación de discapacidade), nun contexto dunha programación

A historia da colaboración establecida entre AGARESO e o IES Antonio Fraguas ven da man de Asamblea de Cooperación pola Paz (a partir de aquí, no documento aparece como ACPP) como froito dunha longa traxectoria de traballo conxunto na educación en valores a través do proxecto “Escolas sen racismo, Escolas para Paz e o Desenvolvemento”. Do repertorio de actividades desenvolvidas: teatroforum, cinefórum, exposicións, etc, cómpre destacar o irmandamento con escolas de El Salvador, porque nese momento iníciáanse os primeiros contactos con AGARESO que propiciaron a posterior implementación do taller de TV no IES nos cursos 2011/2012 e 2013/2014, no marco do proxecto “Escolas sen racismo” de ACPP, cofinanciado pola Xunta de Galicia.

O mundo audiovisual está cada vez máis presente na vida cotiá da nosa mocidade, tanto a través dos impactos mediáticos que reciben como das ferramentas que empregan para comunicarse. O obradoiro de televisión impartido por AGARESO sérvese deste contexto para contribuír á transformación social a través dunha educación en valores participativa e empoderadora.

O obxectivo dos obradoiros educomunicativos é espertar unha conciencia crítica e solidaria no alumnado sobre as causas da pobreza e da exclusión para que, a partir do coñecemento das situacións de desavantaxe, se sintan capaces de participar en procesos de cambio. Ao mesmo tempo, búscase contribuír á construción dunha cidadanía global poñendo en valor a interculturalidade, a diversidade e a igualdade, traballando en rede para impulsar alternativas.

As tecnoloxías da información e da comunicación revélanse como un instrumento diferente e atractivo para traballar a formación en valores que nos permite alcanzar a alumnado ao que, doutro xeito, non chegaríamos ou o faríamos de xeito menos eficaz. Trátase ademais dunha actividade moi experiencial e, polo tanto, ligada ao vivencial e afectivo. Establecendo vínculos e compartindo vivencias xérase unha aprendizaxe baseada no descubrimento e na riqueza da diversidade. Contribúese así a desterrar prexuízos e estereotipos, acotío difundidos polos medios, propiciando unha concienciación persoal e colectiva a partir do contacto directo.

A amplificar o potencial sensibilizador do proxecto contribúe a difusión a través de canles como as redes sociais ou o propio blog do obradoiro de televisión, dispoñible en www.agareso.org/esr. Os distintos programas resultantes, dos que tamén se fixeron presentacións públicas, editáronse asemade en DVD para distribuír a institucións, organizacións e centros educativos, que á súa vez poden empregar os materiais.

⁵ AGARESO: Asociación Galega de Reporteiros Solidarios

Cómpre apuntar ademais que a actividade vén avalada por diferentes galardóns. O programa 'Fraguando a diversidade' foi finalista en catro categorías dos premios Olloboi 2014 que organiza a Asociación Marearte, mentres que 'Fraguando a diversidade 2' acadou unha mención especial nos premios de Alfabetización Audiovisual que concede o Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais (ICAA) e resultou nominado aos premios OUFF Escola do Festival de Cinema Internacional de Ourense.

Todo este traballo previo, complexo pero frutífero, non debe quedar aí, senón que se converte nun instrumento mais para traballar cos escolares aspectos da realidade social (como é o caso, nestes intres, das dificultades e das potencialidades das persoas con discapacidade), dende o respecto á diferenza de cada quen, pero tamén tendo presentes aspectos tan importantes como a igualdade, a pluralidade e a convivencia.

3. Obxectivos

- ❑ Contribuír á sensibilización dos colectivo escolar de cara a normalizar situacións de diversidade e favorecer situacións de inclusión neste eido.
- ❑ Difundir o material realizado no taller de TV tanto polo valor que intrinsecamente posúe como polo seu potencial formativo e de sensibilización.
- ❑ Impulsar actividades nas que nenos, nenas, mozos e mozas sexan os protagonistas.
- ❑ Promover espazos de convivencia entre menores pertencentes ao colectivo "infantil" e os pertencentes xa a "adolescencia"⁶, procedentes dos tres centros educativos de Primaria e Secundaria existentes no barrio de Fontiñas: CEIP Fontiñas, CEIP Monte dos Postes e IES Antonio Fraguas.
- ❑ Reforzar "espazos de encontro" nos que estean presentes os valores de autonomía, igualdade e solidariedade social.
- ❑ Concienciar aos menores sobre a realidade social e comunitaria na que viven as persoas en situación de discapacidade.
- ❑ Implicar e integrar a tódolos axentes sociais do barrio nunha mesma actividade.
- ❑ Dar resposta ás demandas formuladas polo colectivo infanto-xuvenil detectadas na avaliación de proxectos comunitarios previos.
- ❑ Ofertar aos mais novos a posibilidade de que "sexan a voz" que transmita novas iniciativas comunitarias.

⁶ Sinalar que o artigo 37 da Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, define a "infancia" como o período de vida das persoas comprendido dende o seu nacemento ata os 12 anos de idade, e o de "adolescencia", os menores de mais de 12 anos pero menos de 18.

4. Metodoloxía e actividades.

4.1.- Implementación do Taller de Televisión no IES Antonio Fraguas e os documentais “Fraguando a diversidade”. Podemos falar das seguintes etapas:

- ❏ Unha primeira de planificación na que se toman decisións sobre cuestións organizativas: información á Dirección do centro, coordinación coa orientadora, xuntanzas cos titores, establecemento de nexos cos programas do centro (proxecto educativo, plan de acción tutorial, plans de convivencia...)
- ❏ Na seguinte fase, lévase a cabo a difusión, a través de charlas informativas polas aulas de ESO. Nestas charlas preséntanse as ONGs que desenvolven estes programas, o proxecto do taller de TV e mostran doutros países onde os menores fan programas de radio e TV cun enfoque social e solidario.
- ❏ Na etapa de captación, o alumnado interesado recibe información complementaria e contáctase coas familias para que autoricen a súa participación.
- ❏ No desenvolvemento das sesións extraescolares capacítase ao alumnado no eido audiovisual, para rematar gravando un programa baseado en valores. O temario aborda os xéneros xornalísticos, o guiión ou a montaxe, sempre con exemplos de temática social e solidaria, pero tamén pautas respecto da linguaxe inclusiva, o tratamento de colectivos en risco de exclusión ou a análise do discurso mediático, nun nivel básico. Os audiovisuais ‘Fraguando a diversidade’ e ‘Fraguando a diversidade 2’ son o resultado desta actividade, realizada baixo o enfoque da comunicación para o cambio social.

Trabállase entón desde a dobre perspectiva de produción dun proxecto en equipo e de recepción de información a través dos medios. Reflexiónase sobre a súa influencia na nosa visión da realidade ao tempo que se adentra un receptor activo, capaz de discernir entre os contidos e mesmo identificar aqueles que están silenciados, para logo ser quen de xerar as súas propias mensaxes, converténdose no que se deu en chamar *prosumidor*. Téntase que o alumnado se apropie de ferramentas e discursos para achegar a súa propia visión da realidade a través do audiovisual.

A **metodoloxía** participativa sitúase na cerna dos procesos, xa que o alumnado intervéñ na toma de decisións en todas as fases ata a creación do programa televisivo, que ademais se adapta ao contexto local aínda que desde unha mirada global. Neste senso, cómpre analizar a contorna e as súas necesidades, tanto dentro como fóra do centro educativo, para crear reportaxes en sintonía coa comunidade e en colaboración cos colectivos que comparten unha filosofía semellante, traballando

en rede para aproveitar sinerxías. Deste xeito, teñen xurdido pezas como as que se presentan nesta xornada, en defensa da inclusión e a non discriminación:

- **Reportaxe síndrome de Down:** Un estudante do IES Antonio Fraguas con Síndrome de Down, protagoniza a reportaxe co que arrinca o programa 'Fraguando a diversidade?'. O alumnado do taller entrevistao, dando a coñecer as súas afeccións e os seus soños, similares aos das súas compañeiras e compañeiros. Fanlle ademais un seguimento para amosar o seu día a día no centro, situándoo en actividades tan comúns como xogar ao baloncesto ou tocar o piano. As amizades do protagonista interveñen tamén na peza, demostrando que é un membro máis do grupo. De igual modo, o profesorado destaca as súas capacidades, sinalando así mesmo a repercusión positiva da súa presenza na aula, que fomenta a comprensión da diversidade e as actitudes colaborativas.

- **Reportaxe discapacidade física:** As e os participantes no obradoiro de televisión acompañan a unha veciña usuaria de cadeira de rodas, a dar unha volta polo barrio de Fontiñas. Trátase de coñecer a súa discapacidade, pero tamén de mostrar como a progresiva eliminación das barreiras arquitectónicas facilita a súa autonomía. Descubren mesmo que á beira do seu instituto hai un edificio totalmente adaptado e até como as persoas parapléxicas poden conducir un coche. A conversa fai fincapé ademais en que poden estudar e traballar como calquera, sobre todo se a contorna está preparada para a diversidade. Á hora de elaborar a reportaxe, traballáronse tamén perspectivas como a dignidade das persoas ou a igualdade de oportunidades. Incidiuse así mesmo na necesidade de substituír termos como “minusválido” ou “paralítico” por “persoa con discapacidade”.

- **Reportaxe sobre o autismo:** O alumnado entrevista a un compañeiro e á súa nai, irmán e nai á súa vez dun neno con autismo. Trátase de coñecer mellor este trastorno que afecta á comunicación e desterrar falsos mitos sobre as persoas que o teñen. O resultado é unha peza moi humana, que favorece a convivencia e fomenta a empatía e a tolerancia.

- 📺 Presentación dos documentais. En primeiro lugar, no centro educativo, aos propios compañeiros e despois no ámbito comunitario, no centro sociocultural, ó barrio e ós medios de comunicación.
- 📺 Difusión a través das canles de TV de AGARESO e nas webs e redes sociais do centro e do barrio. Difusión tamén mediante a participación en diversos certámenes e concursos.

4.2.- **FONTIÑAS: SOMOS TODOS!** Xornada de sensibilización sobre a discapacidade e a inclusión social. Para implementar esta actividade, cun enfoque comunitario, é preciso desenvolver, con carácter previo, as seguintes accións:

- Na xuntanza de barrio de Fontiñas do día 28 de xaneiro de 2015, valorouse procedente optimizar o traballo desenvolvido no taller de TV do IES Antonio Fraguas, para levar a cabo unha xornada de sensibilización co alumnado de 6º de Educación Primaria dos centros educativos Monte dos Postes e Fontiñas e co de 1º ESO do IES Antonio Fraguas. Acórdase que se adoptará un formato de “mesa redonda” e priorízase na participación das seguintes entidades: Asociación de Pais e Nais de Persoas con Trastorno do Espectro Autista e Asociación Down Compostela
- A orientadora do IES Antonio Fraguas encargárase de contactar coa Asociación Galega de Reporteiros Solidarios (en diante AGARESSO) e coas entidades anteriormente citadas.
- Dende os Servizos Sociais Comunitarios procédese á reserva de espazo no Centro Sociocultural das Fontiñas.
- As orientadoras do CEIP Fontiñas, CEIP Monte dos Postes e IES Antonio Fraguas presentarán esta iniciativa nos seus respectivos centros, valorar a súa participación e determinar que grupo de alumnado participará na mesma.
- As traballadoras sociais da UTS Fontiñas e a educadora do Programa municipal socioeducativo (ambos dispositivos pertencentes aos Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Santiago de Compostela) e a orientadora do IES Antonio Fraguas procederán á redacción do proxecto.
- Agaresso e o do IES Antonio Fraguas se encargarán do deseño e elaboración do cartel divulgativo da xornada.
- A organización e distribución dos espazos correrá a cargo das profesionais dos Servizos Sociais Comunitarios, en coordinación cos profesionais do Centro Sociocultural das Fontiñas.
- Impresión de carteis a cargo de cada unha das entidades pertencentes á rede comunitaria do barrio.
- Difusión da actividade entre os profesionais pertencentes á rede comunitaria do barrio e incorporada a información nas web de cada entidade.

A xornada quedará estruturada do seguinte xeito:

- 1.- Presenta a xornada e modera a mesa redonda a orientadora do IES Antonio Fraguas.
- 2.- Participación dunha representante de Agaresso (responsable do Taller de Televisión no IES Antonio Fraguas); explicará o fin e o proceso de elaboración dos “Fraguando a Diversidade I e II”.
- 3.- Visionado parcial dos documentais “Fraguando a diversidade I e II”:
 - * Vivir con autismo.
 - * Vivir con Síndrome de Down.

4.- Participación dun representante de ASPANAES, que explicará en que consiste o trastorno de espectro autista, presentará a súa entidade e o contido da mesma.

5.- Participación dunha persoa con síndrome de Down, que dará testimonio das súas vivencias. Virá acompañada dunha técnica de Down Compostela.

6.- Quenda de preguntas.

7.- Peche da xornada a cargo da orientadora do IES Antonio Fraguas.

5. Destinatarios

As entidades socioeducativas do barrio de Fontiñas consideramos a “información” como a ferramenta básica para garantir o adecuado desenvolvemento persoal e fomentar a convivencia. De aí, que cun enfoque preventivo, partamos desa ferramenta, para que dende unha óptica comunitaria, se traballe cos mais novos sobre “a discapacidade e o día o día das persoas que se atopan nesta situación”.

Apostando pois polo colectivo infanto-xuvenil, consideramos como destinatarios e como “protagonistas” do proxecto a menores, **de 11-13 anos, escolarizados en 6º de Educación Primaria no CEIP Fontiñas e no CEIP Monte dos Postes, así como en 1º de Educación Secundaria, no IES Antonio Fraguas.**

6. Data e lugar de realización

Desenvolverase o luns, **23 de febreiro de 2015, en horario de 11.30 a 13 h**, nas instalacións do **Centro Sociocultural das Fontiñas.**

7. Recursos humanos

- Traballadoras sociais da UTS Fontiñas (Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Santiago de Compostela).

- Educadora social do Programa municipal socioeducativo (Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Santiago de Compostela).
- Orientadoras do IES Antonio Fraguas, CEIP Fontiñas e CEIP Montes dos Postes.
- Técnico de AGARESSO.

No mesmo proxecto participan os técnicos do Centro de Saúde de Fontiñas, Fundación Secretariado Xitano, Centro de Día Arela, Programa de atención a familias Abeiro, Caritas Parroquial de Fontiñas, Asamblea de Cooperación pola Paz, Cruz Vermella e UMAD.

Asemade, participarán representantes da asociación Down Compostela e de ASPANAES. Unha representación de alumnado do equipo do Taller de TV do IES Antonio Fraguas.

8. Recursos técnicos e materiais

- *Previo:*

- **Elaboración do proxecto:** a cargo da orientadora do IES Antonio Fraguas, das traballadoras sociais da UTS Fontiñas e da educadora social do Programa municipal socioeducativo (estes dous últimos dispositivos pertencentes aos Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Santiago de Compostela).
- **Cartel para a difusión:** elaborado pola orientadora do IES Antonio Fraguas.
- **Tríptico e programa da actividade:** elaborado pola orientadora do IES Antonio Fraguas, contando coas aportacións das traballadoras sociais da UTS Fontiñas e da educadora social do Programa municipal socioeducativo.
- **Impresión** do cartel, tríptico e cartel; distribución e difusión: a cargo de cada unha das entidades pertencentes á rede comunitaria do barrio de Fontiñas.
- **Deseño da folia de avaliación** a cargo da orientadora do IES Antonio Fraguas, das traballadoras sociais da UTS Fontiñas e da educadora social do Programa municipal socioeducativo.
- **Impresión** da folia de avaliación a cargo da educadora social do Programa municipal socioeducativo.

- Durante a Actividade:

- Mesas para ponentes (Centro sociocultural das Fontiñas).
- Cadeiras (Centro sociocultural das Fontiñas).
- Carteis divulgativos da actividade (IES Antonio Fraguas, Servizos Sociais Comunitarios).
- Trípticos e programa da actividade (IES Antonio Fraguas, CEIP Fontiñas, CEIP Monte dos Postes, Servizos Sociais Comunitarios)
- Cámara de fotos e video (Servizos Sociais Comunitarios, IES Antonio Fraguas, AGARESSO).
- Portátil (Servizos Sociais Comunitarios).
- Proxector (Servizos Sociais Comunitarios, Centro Sociocultural das Fontiñas).
- Pantalla de proxección (Centro Sociocultural das Fontiñas).
- Equipo de son e megafonía (Centro Sociocultural das Fontiñas).
- Cuestionarios de avaliación (IES Antonio Fraguas, CEIP Fontiñas, CEIP Monte dos Postes, Servizos Sociais Comunitarios).

9. Seguimento e avaliación

A avaliación será participativa e aberta. Neste sentido, os diferentes participantes (tanto o alumnado, os docentes e os profesionais participantes) poderán cumprimentar un pequeno cuestionario e entregalo, de forma anónima, nas instalacións do centro sociocultural, onde se celebra a actividade.

No cuestionario abordaranse as seguintes cuestións:

1. Valoración do interese do proxecto: responde á pregunta “...gustouche a actividade?”.
2. Valoración directa da actividade: dos vídeos, o contido exposto polos ponentes, o contido das preguntas realizadas polo alumnado.
3. Pregunta aberta: conclusións que se extraen ao remate da xornada.

4. Suxestións cara a realización doutras actividades comunitarias.

Igualmente recollerase unha reflexión sobre o propio proceso da actividade dende a súa xénese ata a súa finalización, reflectindo as dificultades e os logros atopados.

A implementación da xornada e a avaliación correspondente recollerase nun documento, que será debidamente difundido.

10. Anexos

10.1.- Cartel divulgativo.

Fraguando a Diversidade

VISIONADO DE FRAGMENTOS DO TALLER DE TV DO IES ANTONIO FRAGUAS

MESA REDONDA. FONTIÑAS: SOMOS TODOS!
Xornada de sensibilización sobre a discapacidade e a inclusión dirixida a escolares do barrio de Fontiñas.

INTERVEÑEN REPRESENTANTES DE:
AGARESO, ASPANAES, DOWN COMPOSTELA, IES ANTONIO FRAGUAS.

ORGANIZA:
REDE SOCIOCOMUNITARIA DE FONTIÑAS

23 DE FEBREIRO DE 2015 ÁS 11.30 H
CSC DE FONTIÑAS

Logos: Consello de Fontiñas, Agareso, Xunta de Galicia, ASPANAES, DOWN, Conselleira de Área de Servizos Sociais, IES Antonio Fraguas, CESP de Fontiñas, CESP Monte das Fontiñas.

10.2.- Programa da xornada.



Mais información en:

- ☛ SERVIZOS SOCIAIS FONTIÑAS. Tfno. 981528750
- ☛ UMAD. Tfno. 981528787
- ☛ CENTRO DE SAÚDE FONTIÑAS. Tfno. 981577670
- ☛ CEIP FONTIÑAS. Tfno. 981543175
- ☛ CEIP MONTE DOS POSTES. Tfno. 981543187
- ☛ IES ANTONIO FRAGUAS. Tfno. 981588408
- ☛ CARTAS PIRROQUAL. Tfno. 981575760
- ☛ PROGR. PARA FAMILIAS ABERRO. Tfno. 981577590
- ☛ CENTRO DE DIA "ARELA". Tfno. 981572204
- ☛ CRUZ VERNILLA. Tfno. 981586969.
- ☛ FUNDAC. SECRETARIADO XITANO. Tfno. 981554190
- ☛ ASAMBLEA DE COOPERACIÓN POLA PAZ. Tfno. 981542357
- ☛ AGARESO. Tfno. 986857045

**entidades de
servizo á
cidadanía**



CSC de Fontiñas

PROGRAMA
23 DE FEBREIRO



MESA REDONDA. FONTIÑAS: SOMOS TODOS!
Xornada de sensibilización sobre a discapacidade e a inclusión dirixida a estudantes do barrio de Fontiñas.

INTERVENIEN REPRESENTANTES DE:
AGARESO, ASPANAES, DOWN COMPOSTELA,
IES ANTONIO FRAGUAS.

ORGANIZA:
REDE SOCIOCOMUNITARIA DE FONTIÑAS

23 DE FEBREIRO DE 2015 ÁS 11.30 H
ESO DE FONTIÑAS



MESA REDONDA. FONTIÑAS: SOMOS TODOS!

Xornada de sensibilización sobre a discapacidade e a inclusión

OBJETIVOS

Contribuír á sensibilización do colectivo escolar de cara a normalizar situacións de diversidade e favorecer situacións de inclusión no aldo escolar.

Difundir o material realizado no taller de TV feito polo valor que intrínsecamente pode como polo seu potencial formativo e de sensibilización

Impulsar actividades nas que nenos, nenas, mozos e mozas sexan os protagonistas.

Promover espazos de convivencia entre mozos pertencentes ao colectivo "infantís" e os pertencentes ao "adolescenciais", procedentes dos tres centros educativos de Primaria e Secundaria existentes no barrio de Fontiñas.

Reforzar "espazos de encontro" nos que seitan presentes os valores de autonomía, igualdade e solidariedade social.

Compartir aos menores sobre a realidade social e comunitaria na que viven as persoas en situación de discapacidade.

Impulsar e integrar a tididos aspectos sociais do barrio nunha mesma actividade.

Dar resposta ás demandas formuladas polo colectivo infantís-cunvuls detectadas na avaliación de proxectos comunitarios previos.

Ofrecer aos máis novos a posibilidade de que "secan a voz" que transmita novas iniciativas comunitarias.

- BENVIDA E PRESENTACIÓN.
- INTERVENCIÓN DE AGARESO: O TALLER DE TV.
- VISIONADO DAS REPORTAXES SOBRE A VIDA DUN ALUMNO DO IES CON SÍNDROME DE DOWN E DUN ALUMNO DO CEIP MONTE DOS POSTES CON AUTISMO.
- INTERVENCIÓN DOS REPRESENTANTES DE ASPANAES E DOWN COMPOSTELA.
- QUENDA DE PREGUNTAS.
- CLAUSURA.




MODERA:
LOLA SANZ, ORIENTADORA DO IES ANTONIO FRAGUAS


PARTICIPAN:
CARMEN NOVAS, AGARESO
ALBERTO J SILVA LÓPEZ, ASPANAES
CARLOTA RODRÍGUEZ LÓPEZ, DOWN COMPOSTELA




DIRIXIDO A:
ALUMNADO DE 6º DE PRIMARIA
CEIP MONTE DOS POSTES,
CEIP DE FONTIÑAS
ALUMNADO DE 1º DE ESO
IES ANTONIO FRAGUAS





10.3.- Folla de avaliación.





FONTIÑAS: SOMOS TODOS!

*Xornada de sensibilización sobre a discapacidade e a inclusión
dirixida a escolares do barrio de Fontiñas.*

Puntuá do 1 ó 5 os aspectos que aparecen a continuación (1 é a mínima nota e 5 a máxima. Risca o que proceda).

1º.- **Gustouche esta actividade?** 1 2 3 4 5

2º.- **Valora os seguintes elementos:**

- o **Vídeos** 1 2 3 4 5
- o **O que che contaron** 1 2 3 4 5
- o **As preguntas realizadas polos compañeiros** 1 2 3 4 5

3º.- **Que conclusión sacaches?**

4º.- **Que temas che interesan para organizar outras actividades como esta?**

Proxecto comunitario elaborado por:

- ✦ **EVA MARIA GONZÁLEZ SANTIAGO**, traballadora social da UTS Fontiñas (Servizos Sociais Comunitarios).
- ✦ **MARIA JESUS VIQUEIRA PÉREZ**, traballadora social da UTS Fontiñas (Servizos Sociais Comunitarios).
- ✦ **MARGARITA VAZQUEZ TEO**, educadora social do Programa municipal Socioeducativo (Servizos Sociais Comunitarios).
- ✦ **MARIA DOLORES SANZ LOBO**, orientadora do IES Antonio Fraguas.

En estreita coordinación coas **orientadoras do CEIP Fontiñas e CEIP Monte dos Postes**.

Coa colaboración das restantes **entidades pertencentes á rede comunitaria do Barrio de Fontiñas**.